

INFORMACIÓNS INICIO DE CURSO

1.- HORARIO

- **CENTRO:** O recinto escolar abre as súas portas ás 8.50 h e pecha ás 14.20 h.

- **LECTIVO:** De 9.00 ás 14.00 h.

Obradoiro tempo de lecer: De 7.30 ás 9.00 h.

- **FILAS:** En canto toque o timbre o alumnado colocárase no lugar sinalado en cada patio cuberto, alí será recollido polo profesorado que imparta docencia na primeira sesión.

Pregamos ás familias que deixen os patios cubertos libres para facilitar a visibilidade e proceder á entrada.

- **SECRETARÍA:** de 9.10 h a 13.45 h.

- **ATENCIÓN A FAMILIAS:** Durante o horario lectivo as familias serán atendidas no local de administración da secretaría. Non poderán acceder a outras dependencias do centro sen autorización.

TITORÍAS : Martes de 18.00 h a 19.00 h..

HORARIOS REUNIÓN INICIO CURSO

CURSOS	DÍA	HORA
1º CICLO: 1º e 2º	MARTES 13 setembro	ÁS 17.00 h.
2º CICLO: 3º e 4º	MARTES 20 de setembro	3º nivel ÁS 16.00 h. 4º nivel ÁS 17.30 h.
3º CICLO: 5º e 6º	MARTES 27 de setembro	ÁS 17.00

- **ATENCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO:** para ser atendidos é preciso solicitar cita previa.

- **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:** de 16.00 h a 18.00h.

- **BIBLIOTECA:** dende o luns 1 de outubro estará aberta polas tardes para o alumnado en horario de 16.00 h a 18.00 h. **OS DÍAS DE APERTURA SON OS LUNS, MÉRCORES, XOVES E VENRES.**

2.- CALENDARIO ESCOLAR (ORDE do 20 de maio de 2022)

- **ACTIVIDADES LECTIVAS EN PRIMARIA:** do 8 de setembro de 2022 ao 21 de xuño de 2023.

- PERIODOS NON LECTIVOS:

Días : 12 de outubro, 31 de outubro (Día do ensino), 1 de novembro, 6 e 8 de decembro, 28 de marzo, 1 de maio e 17 de maio. E os períodos vacacionais de :

– Nadal: desde o día 23 de decembro de 2022 ata o día 6 de xaneiro de 2023, ambos inclusive.

– Entroido: os días 20, 21 e 22 de febreiro de 2023.

– Semana Santa: desde o día 3 ata o día 10 de abril de 2023, ambos inclusive.

- **O Consello Escolar en coordinación cos centros do contorno acordará solicitar un día non lectivos que establece a citada Orde.**

3.- COMEDOR: DE 14.00 A 16.00 HORAS. **Polo ben de todos é preciso respectar as normas aprobadas no regulamento** (horarios, recollida alumnado, asistencia, disciplina e comportamento,...)

4.- TRANSPORTE ESCOLAR: Pregamos puntualidade nas paradas. Lémbrase que no transporte segue a ser obrigatorio o uso da máscara.

5.- DATOS PERSOAIS: polo ben do alumnado, **insistimos unha vez máis que calquera cambio nos datos familiares ou persoais deben ser comunicados ao centro.**

6.-INFORMACIÓN XERAL

Nova Lei Educativa (LOMLOE) en 1º, 3º e 5º de Primaria .

Neste curso 2022-2023 implántanse a LOMLOE cos seus novos currículos (plans de estudos) en 1º, 3º e 5º de Primaria. Nos cursos 2º, 4º e 6º de Primaria permanecerá vixente a LOMCE . O vindeiro curso 2023-2024 implantarase a nova lei LOMLOE nos cursos 2º, 4º e 6º de Primaria.

Dende as titorías aclararán todas as dúbidas posibles ás familias en relación a este tema.

1. Pass Vigo

Deixamos por aquí o link dende o que acceder á información necesaria para solicitar a tarxeta Pass Vigo.

Pensamos que pode ser de utilidade.

<https://passvigo.vigo.org/>

E aquí un video tutorial de como facelo.

<https://www.vitrasa.es/FotosFichas/grandes/Tutorial-PassVigo-online.mp4>

- **REUNIÓN COAS FAMILIAS DE PRINCIPIO DE CURSO**

Unha vez iniciado o curso escolar cada titor reunirse coas familias do alumnado do seu grupo clase e lles dará información máis específica sobre o desenvolvemento das clases.